

Poesía galega en traducións rusas

Elena Golubeva e Elena Zernova

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GOLUBEVA, ELENA E ELENA ZERNOVA (2011 [1997]). “Poesía galega en traducións rusas”. *Boletín Galego de Literatura*: 18, 103-109. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/389>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GOLUBEVA, ELENA E ELENA ZERNOVA (1997). “Poesía galega en traducións rusas”. *Boletín Galego de Literatura*: 18, 103-109.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poesía galega en traduccions rusas

*Elena Golubeva**Elena Zernova*

RESUMO

Elena Golubeva e Elena Zernova ofrecen unha panorámica da poesía galega traducida ó ruso. As autoras dan conta dos tipos de publicacións nos que apareceron estas traduccions e analizan a súa recepción.

ABSTRACT

Elena Golubeva e Elena Zernova offer a general view of the Galician poetry translated into Russian. The authoresses report on the kinds of publications where these translations came out and they analyse their reception.

Foi na segunda metade do século XX cando a literatura galega comezou a facerse coñecida e apreciada no noso país, en traduccions rusas. No curso das nosas investigacións, que non pretenden ser completas, conseguimos encontrar, a partir dos anos trinta do século pasado, algunhas alusións ó fenómeno literario galego, concretamente á poesía medieval trobadoresca en lingua antiga galega ou galego-portuguesa. Son fragmentos de artigos nas revistas e edicións enciclopédicas e nos cursos de historia da literatura universal ou medieval. Os autores destas publicacións, subliñando a influencia da poesía trobadoresca provenzal na obra dos poetas de expresión galego-portuguesa, considéranos no cadro das literaturas portuguesa e española, e non como fenómeno literario galego propiamente dito¹.

Nas publicacións da fin do século pasado encontramos algunhas indicacións sobre a existencia da literatura en lingua galega. Así, no célebre diccionario enciclopédico editado por F. Brokhaus e I. Efron, no artigo dedicado á literatura portuguesa (o artigo sobre a literatura galega non existe) fálase da obra dos trobadores galego-portugueses («gallecio-portuguezes»)². Dos nomes dos poetas medievais que

1. Por ex., na *Historia da literatura medieval*, de Villemain, en tres volumes, traducida do francés –*Istoriya literaturi srednij vekov Villemaina*. Moscú, 1836, t. III, cap. 23.–, ou no artigo dedicado á historia do teatro portugués, na revista *Biblioteka teatral* –»Portugalskiy teatr», *Teatralnaya biblioteka*, 1880, Nº 1.

2. Brokhaus, F.A., Efron, I. A. *Entsiklopedicheskiy slovar*. St. Petersburg, 1898, t.XXIV, p. 624.

escribían en galego só se mencionan, nas publicacións do século XIX, os considerados máis famosos -Don Alfonso X, rei de León e Castela, Don Dinis, rei de Portugal, e tamén Macías o Namorado, un dos últimos poetas, que figura no cancionero de Baena gracias, probablemente, á lenda que rodeaba o drama do amor e morte deste trobador.

A obra dos trobadores de expresión galega figura en moitas publicacións do século XX, considerada en estreita ligazón coas literaturas española e portuguesa. Por exemplo, na *Enciclopedia Literaria*, tomo IX, 1935, *Grande Enciclopedia Soviética*, tomo 46, 1940, no libro do académico V. Xixmariov *Ensaio sobre a historia das linguas de España*, 1941, na obra monográfica *España e Portugal*, 1947, nos artigos de O. Vasilieva-Xvede «Sobre o problema da lingua galega», 1966, e «Poesía satírica galego-portuguesa e provenzal», 1976, de Z. Plavskin *Literatura medieval de España dos séculos IX-XV*, 1986, na antoloxía histórica de poesía portuguesa *Lira Lusitana*, 1986, e algúns outros³.

Algunhas das publicacións citadas conteñen estudos serios da poesía trobadoresca de expresión galega. Na obra citada de V. F. Xixmariov, ó lado dos poetas-reis son mencionados tamén outros trobadores, por ex. Airas Núñez de Compostela, Martín Codax (pp. 256-259). Na *Literatura de España dos séculos IX-XV*, de Z. Plavskin hai dous capítulos en que se fala desta poesía - «Lírica galego-portuguesa» (pp. 73-81) e «Obra de Don Alfonso X o Sabio» (pp. 87-91), onde, ó lado de poetas-reis e Macías o Namorado, figuran Nuño Fernández Torneol, Martín Codax; Johan de Requeixo, Bernal de Bonaval, Airas Núñez, Martín Moxa. O artigo de Olga Vasilieva-Xvede contén unha interesante análise comparada das «cantigas de escarnio e maldizer» e os «sirventes provenzais». Na *Lira Lusitana* figuran vintetrés trobadores galaico-portugueses.

Unha atención especial merece o artigo de Z. Plavskin na *Pequena Enciclopedia Literaria*⁴, en que, por primeira vez na noso país, a literatura galega está representada como literatura independente e a obra dos trobadores -como fenómeno da literatura galega. Entre os nomes dos trobadores cítanse Bernal de Bonaval, Johan Airas, Pai Gómez Chariño, Macías.

O primeiro poema trobadoresco galego publicado na traducción ó ruso que conseguimos descubrir apareceu en 1836, na versión rusa do *Curso de historia da literatura medieval*, de Villemain (ed. cit., tomo III, cap. 23, p. 223). No último capítulo, dedicado á literatura portuguesa, amais dunha breve característica da poesía trobadoresca, en que se subliña a influencia provenzal, encontramos algúns fragmentos de poemas, na lingua do orixinal e na traducción prosaica rusa (feita a través do francés), e tamén un poema enteiro na traducción prosaica e sen indica-

3. *Literaturnaya entsiklopediya*, t. IX, 1935, cap. «Literatura portuguesa», p. 156; *Bolshaya Sovetskaya entsiklopediya*, t. 46, cap. «Literatura portuguesa», p. 491; Vladimir Xixmariov, *Ocherki po istorii iazykov Ispanii*, Moscú-Leningrad, 1941, p. 256-259; *ispaniya i portugalija*, Moscú: Ed. Sovetskaya Entsiklopediya, 1947, p. 83-89; Olga Vasilieva-Xvede, «K voprosu o galisiyskom iazyke», *Romanskaya filologiya. Uchoni zapiski leningradskogo universiteta*, № 328, vip. 70, 1966, p. 23-38; Olga Vasilieva-Xvede, «Galisiysko-portugalskaya i provansalskaya satiricheskaya poesia XIII-XV vekov», *Sravnitelnoye izucheniye literatur. K 80-letiyu akaemika M.P. Alekseeva*, Leningrad, 1976, p. 334-340; A.A. Smirnov, *Srednevekovaya literatura Ispanii*, Leningrad, 1969, p. 101-109; Plavskin Zajar, *Literatura Ispanii IX-XV vekov*, Moscú, 1986, p. 73-83; 91-95; *Luzitanskaya Lira, stiji*, Moscú, 1986, p. 6-11.

4. *Kratkaya literaturnaya entsiklopediya*, t.2, 1964, cap. «Literatura galega», p.43-44.

ción do nome do autor. É a famosa cantiga do trovador-almirante Pai Gómez Chariño «Quantos oj'andan eno mar aquí», no que os perigos do mar son comparados cos do amor, que o poeta considera moito máis graves. A traducción, feita en prosa, é completa e bastante exacta. Parece que este poema, que serviu ó autor do libro para ilustrar o tema marítimo propio para a poesía galego-portuguesa, foi, en xeral, a primeira traducción publicada, aínda que prosaica, para o ruso dun poema galego.

Seguidamente citamos o texto na retraducción ó galego, feita por nós.

Todos aqueles que, no noso tempo, andan polo mar pensan que no mundo non hai tormento superior ós tormentos que se sofren no mar; e eles non saben outra desgracia. Mais comigo acontece o contrario. Tormentos do amor fanme esquecer os tormentos do mar. O maior dos padecementos é o padecemento do amor para aqueles a quen o manda o destino: é un padecemento mortal; o que senten no mar non é así.

Realmente, este padecemento supera todos os padecementos que algunha vez foron, son e serán... Todos os demais, que non coñecen amor, din que isto non é verdade, mais eu vexo o que el é: é o maior sufrimento, el fai esquecer as desgracias do mar, en que perece tanta xente.

Foi preciso que pasasen case cento cincuenta anos para que aparecesen de novo traduccions da poesía galega trobadoresca publicadas en ruso, desta vez na traducción versificada, poética. É o caso da antoloxía bilingüe *Poesías españolas en versións rusas*⁵, que conteñen dúas cantigas galego-portuguesas, publicadas na lingua do orixinal e na traducción rusa. Pertencen a autores coñecidos, mais son presentadas como poemas anónimos da «poesía española antiga». A primeira é a famosa cantiga de Mendiño «Sedia-m' eu na ermida de San Simhon» e a súa traducción ó ruso, feita por Mark Samaiev. Foi atentamente analizada e retraducida pola traductora e filóloga rusa Alexandra Koss no seu artigo dedicado ás versións rusas desta cantiga⁶.

O segundo texto representa algúns problemas. É un conxunto feito de dúas primeiras estrofas dunha cantiga de amigo de Don Dinís e a primeira estrofa dunha cantiga de Pero Meogo:

Ay flores, ay flores do verde pino!
Se sabedes novas do meu amigo?
Ay Deus, e hu e?

Ay flores, ay flores do verde ramo!
Se sabedes novas do meu amado?
Ay Deus, e hu e?

Ay cervas do monte, vin vos preguntar
foise meu amigo, se ala tardar,
Que farei?

5. *Ispanskaya poeziya v ruskij perevodaj*, Moscú, 1978; Moscú, 1984.

6. Alexandra Koss, «Dúas versións rusas da cantiga de Meendiño: problemas da recodificación do texto orixinal», *Viceversa, revista galega de traducción*, N° 1, Vigo 1995, p.73-94.

O traductor deste enigmático texto é tamén Mark Samaiev. É interesante que na súa versión a palabra «cerva», tan característica para a obra de Pero Meogo, está traducida coa palabra rusa «orlitsa», que significa «aguia».

A primeira publicación da tradución poética das cantigas dos trobadores galego-portugueses con indicación correcta dos seus nomes apareceu en 1984. É unha publicación de vinte e sete páxinas, incluída nunha pequena colección de artigos de investigación dedicados á historia medieval⁷. Contén unha introducción escrita por Olga Saprikina e perto de trinta cantigas en tradución rusa, de catorce trobadores (Martín Moxa, Martín Soarez, Pero Meogo, Pero da Ponte, Mendo, Alfonso X, Alfonso Méndez de Besteiros, Pero Mafaldo, Pero Gómez Barroso, Pai Gómez Charinho, Airas Nuñez, Johan Airas de Santiago, Dinis, Johande Gaia. A tradución en verso é feita por M. Tseitlin.

O ano 1986 foi un ano feliz para a poesía galega trobadoresca en Rusia. No libro de Z. Plavskin *Literatura de España dos séculos IX-XV* apareceron, na calidade de ilustracións, algunhas cantigas e fragmentos de cantigas en tradución prosaica (Sancho I, Johan de Requeixo, Bernal de Bonaval, Don Dinis, Macías o Namorado)⁸. No mesmo ano foi publicada a *Lira Lusitana*, antoloxía da poesía portuguesa⁹, que contiña vintetrés trobadores, representados por un ou varios poemas: Don Johan Pérez de Abouin, Don Alfonso X, Don Alfonso López de Bañan, Johan Baveca, Juian Bolseiro, Pero García Buralés, Fernán Rodríguez de Calleros, Nuño Eanes Cerzeo, Rui Martíns do Casal, Martín Codax, Paio Gómez Chariño, Don Johan Soares Coello, Airas Carpancho, Don Dinís, Fernando Esquío, Rui Fernández, Johan Lobeira, Mendiño, Pero Meogo, Airas Nuñez de Santiago, Johan Airas de Santiago, Nuño Fernández Torneol; Johan Zorro. As traducións de alta calidade artística foron feitas por coñecidos tradutores-poetas E. Vitkovskiy, G. Goncharenko, A. Gueléskul, A. Sádikov, I. Chezhégova e outros.

Nas publicacións do século XX encontramos xa indicacións sobre a existencia da literatura galega máis nova, a partir do Rexurdimento; cítanse os nomes dos poetas e prosadores máis coñecidos, ás veces acompañados dunha breve característica da súa obra. Así, na *Enciclopedia Literaria* (ed. cit.), tomo IX, 1935, ó final do artigo dedicado á literatura portuguesa encontramos un pequeno capítulo titulado «Literatura galega», escrito por K. Derzhavin, en que se dá unha breve descrición do proceso literario en Galicia a partir do Rexurdimento. Parece que é a primeira publicación sobre a literatura galega moderna no noso país. Entre os autores máis coñecidos cítanse Rosalía de Castro e Lamas Carvajal como «...poetas da vida campesina, ideólogos do campesinado e da intelectualidade populista», e tamén Eduardo Pondal e Curros Enríquez, que «... espellaron nos seus poemas a vida dos probes e deron, por primeira vez, forma poética ó protesta social dos campesinos» (p. 164). O académico Vladímir Xixmariov no seu coñecido libro *Ensaio sobre a historia das linguas de España* fala tamén da literatura galega nova, mencionando os nomes de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal como representantes do

7. «Ideino-politicheskaya borba v srednevekovom obschestve. Galisiysko-portugalskaya srednevekovaya lirika», publicación de Olga Saprikina; tradución poética de Mijail Tseitlin, Moscú, 1984.

8. Zajar Plavskin, *ob. cit.*, p. 73-83.

9. *Lusitanskaya Lira*, *ob. cit.*

Rexurdimento galego, e dá así mesmo unha breve característica da obra de Curros Enríquez¹⁰.

Xa mencionamos que na *Pequena Enciclopedia Literaria* apareceu, en 1964, por primeira vez no noso país, un artigo independente dedicado á literatura galega, da autoría de Z. Plavskin. No artigo, que representa unha concisa descrición do proceso literario galego desde a Idade media ata o noso tempo, figuran tamén os nomes dunha serie de poetas dos séculos XIX-XX, acompañados ás veces dunha breve característica. Entre eles: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Ramón Cabanillas e algúns outros. Máis tarde, en 1972 apareceu un artigo do mesmo autor sobre a literatura galega na *Grande Enciclopedia Soviética*, tomo X¹¹, que contén unha breve historia da literatura galega desde os trobadores ata os modernos - Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneira, Manuel María.

Olga Vasilieva-Xvede no seu artigo «Sobre o problema da lingua galega» (*ob. cit.*) fala de moitos poetas dos séculos XIX-XX, subliñando o seu papel no rexurdimento e desenvolvemento da lingua galega literaria. Entre os máis importantes son citados Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, e tamén máis novos -Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Ernesto da Cal, Luis Pimentel.

A literatura galega e as súas principais figuras están dedicadas algunhas páxinas nos libros sobre a literatura española dos séculos XIX-XX. Así, no manual de Z. Plavskin *Literatura española dos séculos XIX-XX*¹² fálase das interrelacións das literaturas española e galega, do Rexurdimento, da obra, en castelán e galego, de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Lamas Carvajal, Curros Enríquez. Entre os poetas máis modernos figuran Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Díaz Xácome, Celso Emilio Ferreiro, Luis Seoane, Pura Vázquez. É posible encontrar alusións a autores galegos nos *Cursos de historia da literatura universal*, por exemplo na edición de 1991, no capítulo XV (escrito por Z. Plavskin) hai liñas sobre «a maior poetisa galega Rosalía de Castro»¹³.

Como xa vimos, a primeira indicación do nome de Rosalía de Castro apareceu no noso país en 1935, no artigo da *Enciclopedia literaria* (ed. cit.). Pero a primeira tradución ó ruso dos seus versos non foi publicada ata pasado medio século, en 1977, en dous libros: *Poesía de Europa en tres volumes* (edición bilingüe)¹⁴ e *Poesía europea do século XIX* (serie «Biblioteca da literatura universal, t. 85»)¹⁵. No primeiro apareceron, na lingua do orixinal e na tradución en verso de A. Gueléskul, dous fragmentos do poema «Campanas de Bastabales» (II e V), dous *Cantares gallegos* e uns poemas de Rosalía escritos en castelán, no segundo -os mesmos fragmentos, na mesma tradución, das «Campanas» e un poema das *Follas novas* -«Unha vez tiver un cravo...», traducido por Boris Dubin. Máis tarde, en 1983, a

10. Vladimir Xixmariov, *ob. cit.*, p. 266

11. *Bolxaya Sovetskaya Entsiklopedia*, t. X, 1972, p. 1543-1544.

12. Zajar Plavskin, *Ispanskaya literatura XIX-XX vekov*, Moscú, 1985, p. 5-12, 139, 201-202.

13. *Istoriya vseмирnoy literaturi*, tomo VII. Moscú, 1991, p. 459.

14. *Poesia Yevropi v trioj tomaj*, tomo I. Moscú, 1977, p. 403-407.

15. *Yevropeiskaya poeziya XIX veka. Biblioteka vseмирnoy literaturi*, tomo 85. Moscú, 1977, p. 444.

traducción do segundo fragmento das «Campanas de Bastabales» foi reeditada nun libro da poesía para nenos -*Terra e cantares*¹⁶.

Mais a primeira traducción en verso da poesía escrita en galego non foi a obra de Rosalía de Castro. Foron os *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, traducidos polo coñecido hispanista ruso Fiodor Kellin e publicados en 1960 no libro de poemas *Lírica escollida de Federico García Lorca*¹⁷.

Outros poetas galegos dos séculos XIX-XX publicáronse en ruso soamente en 1996, no segundo volume da *Antoloxía da poesía galega*, da que falaremos máis adiante. Aínda que algúns poetas máis novos -Miguel Sande e Maximino Cacheiro Varela- viron publicados algúns dos seus poemas un pouco antes, no xornal da Universidade de San Petersburgo, gracias á actividade do profesor e traductor Andrey Rodoskiy¹⁸. En 1997 saíu un pequeno libro de versos de M. Cacheiro Varela, traducido e editado por A. Rodoskiy¹⁹.

Agás de poemas de autores coñecidos, tamén a poesía galega anónima xa está traducida e publicada en ruso. En 1990 na cidade de Kixinióv viu a luz un libro de poemas orixinais e traducidos do poeta xeodesista Eugenio Kabánov²⁰, que contén dezasete coplas populares galegas, traducidas, posiblemente, do castelán, entre elas a famosa copla:

Se o mar tivera barandas,
Fórate ver ao Brasil,
máis o mar non ten barandas,
amor meu, ¿por dónde hei de ir?

Pero o público ruso puido obter información sobre poesía galega non só en publicacións impresas senón tamén en emisións de radio e televisións, dedicadas á poesía galega contemporánea. Por exemplo, nunha emisión da TV leningradense, dedicouse un espacio a Miguel Sande, no programa «Petropol», o 23-XI-1991 (repetida varias veces a petición dos espectadores), e nunha emisión da radio dedicada a algúns poetas do século XX -Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Uxío Novoneyra e outros -o 16-XI-1992 (tamén repetida varias veces a petición dos oíntes).

En 1994 coa axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia foi creado, na Universidade de San Petersburgo, o Centro de Estudos Galegos. O obxectivo do Centro era -e é- a propaganda da cultura e lingua galega en Rusia. A Dirección do Centro decidiu preparar e editar unha antoloxía histórica da literatura galega, comezando pola poesía.

16. «Zemlia i pesni», *Ispanskaya poeziya XX veka*, Moscú, 1983, p. 87-88.

17. Federico García Lorca, *Izbrannaya lirika*, Moscú, 1960.

18. *Sankt-Peterburgskiy Universitet*, N° 35, 29-XI-1991; N° 17, 10-IX-1994.

19. Maximino Cacheiro Varela, *Pamiat izgnaniya*, San Petersburgo, 1997.

108 20. Yevgueniy Kabanov, *Oskol gomunkula. Stiji. Perevodi*, Kixinióv, 1990, p. 109-112.

Para a edición dos volumes de poesía foron establecidos os seguintes criterios. A edición debía ser bilingüe. A tradución debía, sempre que fose posible, recrear en ruso non só o contido, senón tamén a forma -combinación de rimas, metro- dos orixinais, e ter o mesmo valor emocional e estético. Comezouse a traballar cos tradutores, algúns dos cales eran poetas orixinais, aínda que non coñecían a lingua galega. Para eles facíanse traducións en prosa con tódolos comentarios necesarios.

O primeiro volume *-Poesía dos trovadores-* saíu en 1995, coa introducción do Director Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia D. Manuel Regueiro Tenreiro e o prólogo do catedrático de literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela D. Xesús Alonso Montero. O volume inclúe sesenta e oito poemas de coarenta e dous trovadores.

En 1996 saíu o segundo volume titulado *Entre dous silencios*, dedicado á poesía galega do século XIX -primeiro tercio do século XX, có limiar do catedrático de filoloxías galega e portuguesa da Universidade Central de Barcelona D. Basilio Losada. Abrangue a poesía do Rexurdimento, comezando coa obra de Rosalía Castro e terminando cos *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca. Contén a obra de dezasete poetas, representados con máis de cen poemas.

En 1997 acaba de saír o terceiro volume *-Voces Novas*, que abrangue a poesía galega de mediados do século XX, co limiar do catedrático de literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela D. Anxo Tarrío Varela. O volume inclúe a obra de vinte e seis poetas, representados por máis de cento vinte poemas.

Actualmente comeza a prepararse o cuarto volume da Antoloxía, dedicado á poesía galega da fin do noso século.

Os libros da poesía galega en ruso xa van conquistando o seu público, os seus lectores e admiradores. Esperamos que este interese aumente aínda máis.

Elena Golubeva

Elena Zernova

Universidade de San Petersburgo